


LEI, Chunyi (2021). *Metáforas y culturemas botánicos en la lengua china*. Granada: Editorial Comares; ISBN 978-84-1369-126-8, 235 pp.¹



Chunyi Lei é Doutora en Lingüística Xeral pola Universidad de Granada e profesora de lingua chinesa no Departamento de Lingüística Xeral e Teoría da Literatura na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Granada. Tamén é unha investigadora destacada nas liñas de fraseoloxía, estudos comparativos de linguas e culturas, estudo das linguas chinesa e española e en estudos latinoamericanos. Escribiu unha gran cantidade de textos referentes á fraseoloxía nos que se inclúen capítulos e artigos de libros que foron publicados internacionalmente (en Europa, Norteamérica, América Latina e Asia).

O libro *Metáforas y culturemas botánicos en la lengua china* de Chunyi Lei, publicado pola editorial Comares en 2021 dentro da colección dirixida por Javier Martín Ríos,

está adicado a un estudo contrastivo do chinés e do español no que se presta especial atención a culturemas, metáforas e fraseoloxía botánica.

Ademais do prólogo, a introdución, a conclusión, os apéndice das unidades fraseolóxicas (en adiante, UF) de plantas e a bibliografía, o libro está dividido en catorce capítulos, que poderían dividirse en dúas partes importantes²: a primeira parte constitúe unha análise teórica na que se aclaran conceptos básicos que serven para abordar a segunda parte, que presenta unha análise empírica na que se examinan cinco culturemas chineses: arroz, crisantemo, pexego, loto e salgueiro.

Nesta primeira parte, que comprende os capítulos do un ao nove, a autora esclarece, en primeiro lugar, “unas cuestiones relacionadas con la metáfora, el lenguaje figurado, el culturema, la motivación cultural, entre otras”³ (p.169). En segundo lugar, explica a linguaxe figurada e os culturemas en varios idiomas, tales como o español, italiano, inglés, francés, ruso, portugués, coreano e xaponés. Para poder consultar e informarse sobre estas cuestións, Chunyi cita numerosas investigacións, principalmente as de Antonio Pamies Beltrán⁴, Dobrovól’skij e Piirainen sobre a *Teoría da Linguaxe Figurada Convencional*⁵.

¹ Recensión traducida ao galego por Vanesa Freire Armada

² A autora non especifica que o seu libro estea dividido en dúas partes, nesta recensión decidiuse fragmentar o contido da obra segundo a temática á que pertenza.

³ N. da T.: En galego “unhas cuestións relacionadas coa metáfora, a linguaxe figurada, o culturema, a motivación cultural, entre outras”

⁴ Las investigaciones desarrolladas por Pamies son: El lenguaje de la lechuga: Apuntes para un diccionario intercultural, Comparación inter-lingüística et comparaison interculturelle, The concept of cultureme from a lexicographical point of view, Zoo-symbolism and metaphoric competence, El simbolismo cultural en el lenguaje, otros trabajos e investigaciónes en conjunto como Implementación lexicográfica de los símbolos desde un enfoque multilingüe e intercultural: el culturema “buitre”, El árbol como referente lingüe-cultural, etcétera.

⁵ Las bases de esta teoría se fundamentan en sus libros Kognitive Aspekte der Idiom-Semantik, Figurative Language: cross-cultural and cross-linguistic perspectives, Cultural knowledge and idioms.

O campo da metáfora é, nesta parte, a cuestión máis importante e ao explicalo a autora vai máis aló das simples definicións que se teñen nalgunhas culturas e países. A autora recrea, a partir da comunicación pragmática, o significado da metáfora no contexto da vexetación en lingua española e os seus contrastes co italiano e o inglés. Este proceso reivindica que a natureza está atada ao ser humano para proclamar a súa función dentro da linguaxe emocional, sentimental e a linguaxe figurada coa que se comunica a sociedade. Ben indica Chunyi Lei, que a linguaxe evoluciona e busca novas formas de comunicación. Con esta idea dá comezo ao estudo do culturema como o fenómeno da fraseoloxía contrastiva.

A autora mostra na súa obra a descrición da metáfora como evidencia do proceso imaxinativo e simbólico que se engade non só a un concepto, senón a unha UF que repercute nunha sociedade e que ao entrar en contacto con outra tamén adquire un novo sentido. Porén, explica que a orixe da devandita metáfora garda o seu sentido orixinal nas dúas culturas e idiomas. Namentres, descobre o uso de palabras relacionadas cos vexetais en varios idiomas e o conxunto de unidades procedentes da etnobotánica co fin de presentar un esquema que permita evidenciar a frecuencia de uso e os diversos significados que teñen, incluíndo metáforas vexetais sobre as emocións (p. 73) e o cabelo en inglés (p. 75), posto que considera pertinente exemplificar estes aspectos do inglés que son máis usados e comparados co corpo e o ser humano.

Ademais do campo da metáfora, a autora destaca que estudar fraseoloxía esperta un gran interese nos/as investigadores/as, principalmente se son de orixe estranxeiro, pois cando se trata dunha cultura exótica, o/a lector/a adéntrase no coñecemento dunha lingua estranxeira a través da súa esencia e dos seus múltiples usos de emisión. Alén diso, o seu escrito interpreta o modelo cognitivo universal das metáforas que fan referencia ao corpo e presenta unha creación da variación transcultural das plantas. A lectura desta parte tórnase para a persoa estranxeira nun deleite ao saber que hai máis aló do transfondo cultural e as equivalencias entre diferentes idiomas.

Ao final da parte un, tamén confirma que “el reino vegetal ocupa un lugar destacado en estas representaciones simbólicas que a menudo inspiran la fraseo-paremiología de las lenguas”⁶ (p. 169). Durante o desenvolvemento desta primeira parte faise unha aproximación á metáfora presentada dende distintas linguas. Esa aproximación relaciónase coa inmersión na cultura e na lingua a partir de coñecementos puntuais da vexetación que se plasman, dentro da fraseoloxía, tanto nun nivel de existencia visual coma na gastronomía, os froitos e a flora. A investigación presentada na primeira parte fainos reflexionar sobre a metáfora relacionada coa vida silvestre e crear unha conciencia lingüística das UF que empregamos no día a día.

En resumo, a parte un na que dividimos a obra de Chunyi Lei logra identificar o obxectivo fundamental que propón “verificar empíricamente en la lengua china la teoría cognitiva de Dobrovol’skij y Piirainen, según la cual, muchos fraseologismos y expresiones figuradas solo adquieren su sentido relacionándose con un saber extralingüístico cultural propio

⁶ N. da T.: En galego “reino vexetal ocupa un lugar destacado nestas representacións simbólicas que a miúdo inspiran a fraseo-paremioloxía das linguas”

de cada nación”⁷ (p. 12). Esta primeira parte achega un aporte teórico fundamental que se aplicará na segunda parte ao estudar en profundidade cinco culturemas do campo vexetal da cutura chinesa: o arroz, o crisantemo, o pexego, o loto e o salgueiro a través das UF e da linguaxe figurada. Aquí preséntase o concepto do mundo vexetal a través de definicións e de explicacións das connotacións que ten. Ademais, enúncianse as relacións que existen entre a cultura e a linguaxe figurada en chinés.

A devandita segunda parte á que se fai mención, vai dende o capítulo número nove ata o catorce. Este segmento é quizais o clímax do traballo de investigación que se expón na obra. Chunyi Lei destaca as “metáforas e culturemas en lingua chinesa” formulando unha idea concisa sobre o culturema xeral de Pamies. Aventúrase a significar a metáfora e a estreita relación entre eses dous conceptos. Deixa entrever, en primeira instancia, algúns aspectos básicos da lingua e cultura chinesas a partir do mundo connotativo e simbólico.

No capítulo dez, Chunyi Lei dedícase a explicar a linguaxe figurada e os símbolos do arroz, do crisanteo, do pexego, do loto e do salgueiro que se empregan na China. A través da utilización destes conceptos chégase á conclusión de que a cultura funciona coma unha icona identitaria etnobotánica e antropolóxica da nación chinesa. Para ilustrar mellor a obra, achegaremos unha breve descrición sobre os apartados que se abordan nela:

Sobre o arroz, a autora investiga algunhas UF en chinés cuxa relación se encontra integrada en procesos metafóricos e metonímicos, pois recoñecelos como tal é aludir á realidade, aos valores e crenzas. Así mesmo, analiza a importancia do arroz na construción da identidade cultural das persoas chinesas. Dende o punto do aspecto lingüístico a autora ten en conta a súa relevancia histórica, antropolóxica e etimolóxica, especialmente como o reflicte na fraseoloxía reunida. Ao comezo, reúne as connotacións culturais do arroz para dar paso ás metáforas e á linguaxe figurada⁸. Esta investigación foi tan minuciosa que logra presentar metáforas como a da supervivencia a través da unidade “comer arroz” (chī fàn 吃饭), que ten como significado “vivir, subsistir, ou gañarse a vida”. Realza o seu significado na metonimia semántica da cultura chinesa onde se lle dá o sentido “comer (arroz) es vivir”. Ademais, entre as connotacións adxudicadas ao arroz destaca a riqueza. Neste senso, investiga a utilidade do arroz na sociedade como símbolo de abundancia a través da linguaxe, como por exemplo: 鱼米之乡⁹ (yú mǐ zhī xiāng). Incluso, se adentra en significacións máis profundas como a da superstición.

Tamén fai referencia ao arroz como “algo non despreziable”. De aquí despréndese que a autora poña énfase na forma en que se come, a forma en que se consegue e a forma en que se distribúe. Estes parámetros son moi importantes dentro da cultura chinesa xa que

⁷ N. da T.: En galego “verificar empiricamente na lingua chinesa a teoría cognitiva de Dobrovól’skij e Piirainen, segundo a cal, moitos fraseoloxismos e expresións figuradas só adquiren o seu sentido relacionándose cun saber extralingüístico cultural propio de cada nación”

⁸ Es necesario acotar que Lei es del sur de China y esto influye en la recopilación de UF. Además del chino mandarín que habla y conoce, ella examina unas UF del cantonés, el dialecto más importante después del mandarín.

⁹ Se refiere a un lugar muy rico, que produce una gran cantidad de alimentos y pescado, a menudo utilizado para describir un área con un alto desarrollo agrícola. En español, se puede traducir literalmente como "Tierra de arroz y pescado".

determinan o tipo de persoa que se é con respecto á clase social. En resumo, estúdase este cultuema dende a perspectiva da pobreza, da preguiza e o parasitismo, da incapacidade e a estupidez, os malos comportamentos, a gratitude ou ingratitude e a preocupación.

Lei sinala que o cultuema arroz non se interpreta do mesmo xeito en toda China, pois destaca que algúns pobos teñen a súa propia interpretación particular ao respecto. Estes pobos empregan a súa propia imaxe, o cal se ve reflectido nos seus dialectos. A autora utiliza como exemplo disto os dialectos do Cantón e de Shanghai. A partir de aí, a autora afirma que sucede un fenómeno no que, a pesar de compartir unha mesma lingua, reflicte diferentes formas de pensar sobre distintos aspectos. A investigadora domina excelentemente o cantonés e propón moitas UF deste dialecto, por exemplo, 有米¹⁰, 得米¹¹, que son ilustrativas tanto para persoas españolas que investigan este ámbito como para os/as chineses/as que buscan unha equivalencia á hora de traducir ou interpretar estas unidades. Por outra banda, chégase á conclusión de que, para coñecer as connotacións dun cultuema, é necesario comprender a linguaxe figurativa dende diferentes áreas xeolingüísticas. Sen dúbida, este achegamento é un impulso dos estudos diatópicos da fraseoloxía chinesa.

Na análise do crisantemo, os procedementos de investigación que propón son parecidos aos do arroz, pois crea un aparato analítico no que se fundamentan os seguintes puntos do traballo, recalando principalmente o proceso histórico. É a parte fundamental e conforma un apartado enriquecedor e próximo á cultura, no que a autora desglosa o seu coñecemento ao expoñer a semántica do crisantemo e as súas connotacións na linguaxe figurada e no simbolismo que se adoptou na China. Así mesmo, proporciona exemplos específicos a través das UF e, non conforme coa xa mencionada presentación, engade unha análise contrastiva, a través da cal busca equivalencias do chinés no español. Este último proceso agradácese, xa que a autora vai máis aló dunha análise determinada indagando en cultuemas chineses e noutras linguas, quizais en busca da interculturalidade.

No tocante ao caso concreto do “pexego” examinado pola autora, é interesante destacar a necesidade de engadir unha breve pero directa explicación do termo, posto que “ciruelo” fai referencia tanto a 梅 (mei)¹² como 李 (li), dous referentes culturais completamente diferentes en China. Isto vese reflectido claramente na paremia consabida: 春风一家桃李杏 · 岁寒三友梅竹松 (chūn fēng yī jiā táo lǐ xìng, suì hán sān yǒu méi zhú sōng)¹³. Non

¹⁰ 有米, UF de cantonés, (yau5 mai5) su traducción literal es “tener arroz” y significa ser muy rico.

¹¹ 得米, UF de cantonés, (dak1 mai5) su traducción literal es “lograr arroz” y significa lograr lo deseado.

¹² 梅 (méi) generalmente se refiere a un tipo de ciruelo, que es un árbol caducifolio o arbusto perteneciente a la familia de las rosáceas, común en regiones de Asia, especialmente en China, Japón y Corea, entre otros lugares. Las flores de este tipo de ciruelo suelen ser de color blanco o rosa, y florecen en invierno o principios de primavera, siendo conocidas como la “belleza de las flores de invierno” debido a su alto valor ornamental. 梅 (méi) no es común en España. Sin embargo 李 (lǐ), generalmente se refiere a un árbol que es ampliamente cultivado en Asia y Europa. Su fruto es la ciruela que es común tanto en China como en España.

¹³ Su significado literal: el melocotonero, li (ciruelo) y albaricoquero son como una familia que florecen en la primavera, mientras que el mei (ciruelo), bambú y pino son como tres amigos que se mantienen fuertes en el frío invernal.

hai problema para un/unha lector/a de orixe chiesas; no entanto, pode levar a confusións¹⁴ para os/as lectores/as de orixe hispana ou que se encontren fóra do coñecemento da cultura chinesa. Acontece o mesmo co concepto de “dragón”, un animal mitolóxico chinés que non ten moita similitude co occidental, pois depende dun uso plenamente cultural e ideolóxico. A laguna na investigación de Lei non representa unha carencia terminolóxica importante, pero sería interesante engadir esta aclaración en futuras investigacións.

Bardante o estudo da linguaxe figurada e simbólica do loto, Chunyi Lei realiza unha análise que completa a súa investigación do 2015¹⁵. No traballo anterior, analiza o trasfondo simbólico da motivación figurativa do loto na cultura chinesa. Por outro lado, as novas incursións sobre este concepto, que realiza na obra obxecto desta recensión, resaltan a importancia da súa análise histórica, dos modismos e de proverbios chineses. A importancia do loto débese a que na cultura chinesa transmite símbolos que reflicten algunhas das súas normas morais e relixiosas, crenzas e supersticións. Esta investigación é moi completa, pero require dirixirse ao seu traballo de 2015, anteriormente mencionado, para comprender mellor os obxectivos da autora. Non só remite a unha liña lingüística, senón a un cambio na visión lingüística e cultural do español e do chinés principalmente. Das súas análises en xeral e desta parte do loto destacan as referencias á pureza, beleza, amor, honestidade, xustiza, nobreza etcétera.

Nesta mesma liña de análise, en China a imaxe do salgueiro (sauce) transmite conceptos positivos e negativos relacionados coa vitalidade, a fermosura e o amor, entre outros. Así mesmo, ten relación con conceptos pexorativos como a frivolidade e a tristeza. O mesmo que acontece co loto, Lei xa escribiu sobre o salgueiro (sauce)¹⁶ pero, a diferenza doutros traballos, neste presenta unha serie de UF que transmiten información denotativa e connotativa. A autora leva a cabo esta análise con moita intelixencia pois estas UF teñen unha tradución difícil que require, obrigatoriamente, posuír coñecementos culturais para interpretalas. Este apartado de Chunyi parece demostrar e resolver a hipótese plantexada ao comezo, xa que constitúe unha evidencia da teoría cognitiva de Dobrovľ'skij e Piirainen denominada en inglés como “culturally bound meaning” (significado ligado culturalmente).

A autora fai referencia en lingua chinesa aos cinco referentes que acabamos de expoñer, pero cabe preguntarse por que son importantes o arroz, o crisantemo, o pexego, o loto e o salgueiro. Se ben existe un sinfín de variedades vexetais que se encontran inmersas na linguaxe figurada, formal e literaria, a autora propón os devanditos conceptos non só polo gran uso que se lles dá na cultura chinesa, senón porque son referentes primarios nesta sociedade asiática.

¹⁴ En España, el ciruelo más común es el li, cuya fruta es muy conocida. Sin embargo, en su artículo, Lei analiza el mei, que no es muy conocido en el mundo occidental. Son dos referentes culturales muy diferentes.

¹⁵ Lei, C. (2015). La flor de loto en el léxico figurado y la fraseología en chino. *Paremia*, 24, 53-59. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6680888>

¹⁶ Lei, C. (2016). El sauce en el léxico figurado y la fraseología en chino. *Entreculturas: revista de traducción y comunicación intercultural*, 9, 319-328. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7413119>

A análise que realiza permítenos experimentar, a través da lectura, unha primeira experiencia estética, pois como lectores/as impregnámonos dunha imaxe mental do mundo vexetal que se simboliza de acordo coas súas lecturas e a bagaxe cultural que se posúe. Chunyi Lei representa a figura dunha investigadora minuciosa sobre o campo semántico da fraseoloxía. Tras o paso polas súas análises, cómpre ler o resto dos seus artigos como complemento inmediato a esta obra.

Con respecto á experiencia estética, no momento que se viva como lector/a, espérase que no futuro a autora siga o fio da súa investigación para que poder coñecer, ademais das análises presentadas, novos conceptos que son interesantes como o campo semántico do pino e do bambú, ademais doutros, xa que se mencionan no libro. Isto fai que a persoa lectora fiquen expectante polos novos panoramas que a autora poida presentar noutras obras.

Cómpre recoñecer que este libro de Lei dá ideas ás persoas que buscan indagar ou aproximarse á investigación doutros campos semánticos en calquera outra lingua. Ademais de resolver dúbidas sobre aspectos específicos da fraseoloxía contrastiva.

Metáforas y culturemas botánicos en lengua china é un gran traballo que deixa ver o seu encanto ao longo da lectura porque non se trata só dunha lectura formal, é amena grazas á linguaxe que emprega e ás formas en que expresa diferentes culturas co fin de enriquecer conceptos e referentes que comparten.

Por último, pero non menos importante, a autora deixa a disposición das persoas lectoras unha gran cantidade de variedade de bibliografía que invita a consultar e que, ademais, recomenda que se utilice en novos proxectos relacionados con este tema. Isto é, sen dúbida, unha axuda para quen comenza as súas investigacións neste eido. As anotacións a pé de páxina esclarecen máis en detalle o panorama. Nelas, a autora intervéñen para recomendarnos lecturas ou temas que considera necesario coñecer e tratar.

Yu Liang

Universidad de Almería

<https://orcid.org/0000-0003-3046-022X>

yl629@inlumine.ual.es